


6.6.- FUNCIÓN CIENTÍFICO-CULTURAL

6.6.1.- LINGUA QUE EMPREGA PARA REDACTAR OS TRABALLOS CIENTÍFICOS E DE INVESTIGACIÓN

Só un 2,3% do persoal docente e investigador emprega o galego para redactar os traballos científicos e de investigación. Un 9,9% emprega o galego e o castelán. É dicir, en total un 12,2% emprega o galego, ben de xeito exclusivo, ben alternando co castelán.

Dado que estes traballos son o fermento da lingua que se emprega por parte do outro persoal investigador, do profesorado e do alumnado –son o material de referencia que hai que consultar ou estudar– urxe unha política activa que premie a redacción en galego.

	Frecuencia	Porcentaxe válida
Galego	12	2,3
Castelán	332	62,3
Galego e castelán	53	9,9
Outros	131	24,6
NS/NC	5	,9
Total	553	100,0



Os colectivos que contan cunha maior probabilidade de utilizaren o galego de xeito exclusivo para redactaren os traballos científicos e de investigación son as mulleres, as persoas que naceron en vilas galegas, aquelas que consideran Galicia como un país ou nación-Estado, as que se consideran só galegas e as que pertencen ao ámbito científico das humanidades.

Aquelas persoas que teñen unha maior probabilidade de facelo nas dúas linguas son os homes, as persoas que naceron en aldeas galegas, que conciben Galicia como unha nación-Estado ou país, as que se consideran só

galegas ou máis galegas ca españolas, e as do ámbito científico das humanidades.

PDI: LINGUA QUE EMPREGA PARA REDACTAR OS TRABALLOS CIENTÍFICOS E DE INVESTIGACIÓN (SEGUNDO AS CONDICIÓNIS SOCIAIS DE EXISTENCIA)


(Grao de significación: .05)

<u>Condiciónis sociais de existencia</u>	Galego	Castelán	Galego e castelán	Outras	NS/NC
Sexo					
Muller	2,26	72,32	8,47	16,38	0,56
Home	1,98	57,34	10,73	28,81	1,13
Lugar de nacemento					
Cidade de Galicia	1,37	65,75	10,62	21,23	1,03
Vila de Galicia	7,14	55,71	7,14	30,00	
Aldea de Galicia	2,50	47,50	20,00	27,50	2,50
Resto de España	1,00	61,00	5,00	32,00	1,00
Fóra de España	3,23	67,74	12,90	16,13	
Concepción de Galicia					
Rexión		68,52	3,70	24,07	3,70
Autonomía	0,35	68,07	5,26	25,96	0,35
País	6,59	56,04	18,68	18,68	
Nación-Estado	6,25	48,75	20,00	22,50	2,50
Que se considera fundamentalmente?					
Só galego/a	14,29	42,86	20,00	22,86	
Máis galego/a que español/a	4,81	51,92	25,00	16,35	1,92
Igual de galego/a que español/a	0,36	69,78	4,68	25,18	
Máis español/a que galego/a		72,22	5,56	16,67	5,56
Só español/a		60,87		39,13	
Outros	1,54	56,92	7,69	32,31	1,54
Ámbito científico					
Xurídico-social		83,33	12,22	3,89	0,56
Humanidades	13,73	52,94	21,57	11,76	
Tecnoloxía	1,76	49,78	5,29	41,41	1,76
Ciencias experimentais e da saúde	1,33	56,00	10,67	32,00	

6.6.2.- CONDICIONAMENTO PARA A REDACCIÓN DE TRABALLOS CIENTÍFICOS EN GALEGO POR CAUSA DA BAIXA PUNTUACIÓN DESTES NOS SEXENIOS

Ante a pregunta de se a non redacción en galego dos traballos científicos se debe a que os puntúan moi baixo para os sexenios, as respostas son as seguintes:

	Frecuencia	Porcentaxe válida
Si	118	21,6
Indiferente	79	14,5
Non	258	47,3
NS/NC	91	16,7
Total	546	100,0



Un 21,6% dos membros do PDI manifesta que o feito de non redactaren os traballos científicos e de investigación en galego se debe a que puntúan moi pouco as publicacións en galego para acadar sexenios. Destaca, con respecto a esta pregunta, a categoría de non sabe/non contesta, en que respondeu o 16,4% das persoas entrevistadas. Urxe, por tanto, que as persoas que son responsables da política universitaria tomen medidas neste tema se se quere promover a lingua galega no ámbito científico.

O colectivo do PDI que manifesta cunha maior probabilidade que o feito de non realizar traballos en galego se debe a que os puntúan moi baixo para os sexenios, son: os fillos de labregos/as, os que conciben Galicia como unha nación-Estado, os que pertencen ao ámbito científico das ciencias experimentais e da saúde, e os que son persoal funcionario.

PDI: OPINIÓN SOBRE SE A NON REDACCIÓN DE TRABALLOS CIENTÍFICOS EN GALEGO SE DEBE A QUE OS PUNTÚAN BAIXO NOS SEXENIOS (SEGUNDO AS CONDICIÓNIS SOCIAIS DE EXISTENCIA)

(Grao de significación: .05)

<u>Condiciónis sociais de existencia</u>	Si	Indiferente	Non	NS/NC
Ocupación da nai				
Empresaria con empregados/as	15,38	23,08	30,77	30,77
Autónoma	24,00	16,00	52,00	8,00
Empregada con titulación	14,29	18,37	35,71	31,63
Empregada sen titulación	22,86	8,57	54,29	14,29
Labrega/gandeira	35,29	17,65	35,29	11,76
Ama de casa	22,96	12,89	50,94	13,21
Concepción de Galicia				
Rexión	11,11	14,81	48,15	25,93
Autonomía	16,84	15,81	51,55	15,81
País	26,37	14,29	42,86	16,48
Nación-Estado	36,90	9,52	38,10	15,48
Que se considera fundamentalmente?				
Só galego/a	41,67	22,22	27,78	8,33
Máis galego/a que español/a	30,56	14,81	39,81	14,81
Igual de galego/a que español/a	15,19	14,49	54,42	15,90
Máis español/a que galego/a	31,25	6,25	37,50	25,00
Só español/a	26,09	8,70	47,83	17,39
Outros	18,84	15,94	42,03	23,19
Ámbito científico				
Xurídico-social	20,11	17,93	38,04	23,91
Humanidades	29,63	11,11	46,30	12,96
Tecnoloxía	17,17	11,59	56,22	15,02
Ciencias experimentais e da saúde	33,33	17,33	42,67	6,67
Categoría profesional				
Persoal funcionario	26,61	12,87	48,54	11,99
Persoal contratado	13,37	17,33	45,05	24,26

6.6.3.- PUBLICARÍA MÁIS EN GALEGO SE O VALORASEN MÁIS?

	Frecuencia	Porcentaxe válida
Si	163	29,9
Indiferente	166	30,4
Non	151	27,7
NS/NC	66	12,1
Total	546	100,0

Ante a pregunta de: “Se valorasen máis estes traballos en galego, publicaría máis nesta lingua?” un 29% do PDI manifesta que si. Dese 29%, un 12,4% manifesta que a causa é que puntúan moi pouco para os sexenios, mais o 17,4% restante contestou “indiferente”, “non” ou “non sabe/non contesta”.

O feito de non redactar en galego os traballos científicos débese a que puntúan pouco para os sexenios						
Se valorasen máis estes traballos en galego publicaría máis nesta lingua?		Si	Indiferente	Non	NS/NC	Total
	Si		12,4%	4,4%	10,0%	3,0%
Indiferente		5,0%	7,0%	14,8%	3,7%	30,6%
Non		3,3%	2,2%	19,8%	2,0%	27,4%
NS/NC		,6%	,7%	3,0%	8,0%	12,2%
Total		21,3%	14,4%	47,6%	16,7%	100,0%

Os membros do PDI que responden cunha maior probabilidade afirmativamente sobre a cuestión de que se valorasen máis os traballos na lingua galega publicarían máis nesta lingua son os que naceron nunha vila galega ou fóra de España, os fillos de persoas con estudos primarios incompletos ou coa EXB rematada e que son labregos/as, os que conciben Galicia como país ou nación-Estado e os que se consideran só galegos ou máis galegos que españois. Por ámbitos científicos teñen máis probabilidades as persoas do ámbito das humanidades e as das ciencias experimentais e da saúde.

PDI: OPINIÓN SOBRE SE SE VALORASEN OS TRABALLOS CIENTÍFICOS EN GALEGO PUBLICARÍA MÁIS NESTA LINGUA (SEGUNDO AS CONDICIÓN S CIAIS DE EXISTENCIA)

(Grao de significación: .05)

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Si	Indiferente	Non	NS/NC
Lugar de nacemento				
Cidade de Galicia	25,33	32,67	26,33	15,67
Vila de Galicia	47,14	22,86	27,14	2,86
Aldea de Galicia	39,53	32,56	18,60	9,30
Resto de España	22,00	31,00	39,00	8,00
Fóra de España	45,45	21,21	18,18	15,15
Estudos do pai				
Primarios ncompletos	39,39	45,45	13,64	1,52
G. escolar, EXB, B. elemental	34,44	28,89	28,33	8,33
Secundaria, BUP, FP	30,61	26,53	31,63	11,22
Universitarios	22,73	29,29	29,29	18,69
Estudos da nai				
Primarios incompletos	38,38	38,38	18,18	5,05
G. escolar, EXB, B. elemental	33,48	27,04	29,61	9,87
Secundaria, BUP, FP	22,35	28,24	37,65	11,76
Universitarios	21,95	32,52	24,39	21,14
Ocupación da nai				
Empresaria con empregados/as	23,08	23,08	46,15	7,69
Autónoma	38,46	34,62	19,23	7,69
Empregada con titulación	22,68	31,96	19,59	25,77
Empregada sen titulación	30,56	25,00	33,33	11,11
Labrega/gandeira	52,94	29,41	11,76	5,88
Ama de casa	28,71	31,86	30,28	9,15
Concepción de Galicia				
Rexión	14,55	34,55	36,36	14,55
Autonomía	20,00	31,72	33,10	15,17

País	44,57	34,78	14,13	6,52
Nación-Estado	55,95	20,24	16,67	7,14
Que se considera fundamentalmente?				
Só galego/a	66,67	27,78		5,56
Máis galego/a que español/a	51,85	26,85	12,96	8,33
Igual de galego/a que español/a	19,93	35,23	32,03	12,81
Máis español/a que galego/a	16,67	44,44	27,78	11,11
Só español/a	17,39	17,39	52,17	13,04
Outros	27,54	18,84	33,33	20,29
Ámbito científico				
Xurídico-social	23,50	31,69	23,50	21,31
Humanidades	40,74	27,78	24,07	7,41
Tecnoloxía	28,33	29,61	33,91	8,15
Ciencias experimentais e da saúde	42,11	31,58	21,05	5,26
Categoría profesional				
Persoal funcionario	31,49	27,99	32,94	7,58
Persoal contratado	27,36	34,83	17,91	19,90

6.6.4.- NÚMERO DE TRABALLOS CIENTÍFICOS PUBLICADOS EN GALEGO

	Frecuencia	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Ningún	401	73,2	73,2
1-2	72	13,1	86,3
3-5	41	7,5	93,8
6 ou máis	34	6,2	100,0
Total	548	100,0	



A gran maioría do PDI da UDC non publicou ningún traballo científico en galego. Só un 26,8% publicou traballos científicos en lingua galega.

Os que teñen máis probabilidades de publicar en galego son: os homes, os nados en vilas galegas, os fillos de persoas con estudos primarios incompletos ou universitarios, os que teñen unha concepción de Galicia como país ou

nación-Estado, os que se consideran só galegos ou máis galegos que españois, e os que pertencen ao ámbito científico das humanidades.

PDI: NÚMERO DE TRABALLOS CIENTÍFICOS ESCRITOS EN GALEGO (SEGUNDO AS CONDICIÓN S CIAIS DE EXISTENCIA)				
(Grao de significación: .05)				
Condición s sociais de existencia	Ningún	1-2	3-5	6 ou máis
Sexo				
Muller	81,46	8,43	6,74	3,37
Home	69,29	15,49	7,88	7,34
Lugar de nacemento				
Cidade de Galicia	74,00	13,67	6,00	6,33
Vila de Galicia	72,46	8,70	8,70	10,14
Aldea de Galicia	53,49	20,93	20,93	4,65
Resto de España	80,39	9,80	5,88	3,92
Fóra de España	70,59	17,65	5,88	5,88
Estudos do pai				
Primarios incompletos	62,69	16,42	11,94	8,96
G. escolar, EXB, B. elemental	72,78	17,78	7,22	2,22
Secundaria, BUP, FP	72,00	13,00	10,00	5,00
Universitarios	78,17	8,12	4,57	9,14
Concepción de Galicia				
Rexión	89,09	9,09		1,82
Autonomía	81,79	12,03	3,78	2,41
País	56,52	14,13	15,22	14,13
Nación-Estado	50,59	18,82	16,47	14,12
Que se considera fundamentalmente?				
Só galego/a	44,44	22,22	16,67	16,67
Máis galego/a que español/a	54,63	20,37	11,11	13,89
Igual de galego/a que español/a	79,86	10,60	6,71	2,83
Máis español/a que galego/a	72,22	27,78		
Só español/a	91,30	4,35		4,35
Outros	84,06	8,70	4,35	2,90
Ámbito científico				
Xurídico-social	70,49	15,85	8,74	4,92
Humanidades	52,73	10,91	12,73	23,64
Tecnoloxía	82,91	9,83	3,85	3,42
Ciencias experimentais e da saúde	64,47	18,42	11,84	5,26

Se temos en conta, por un lado, as persoas que publicaron algo en galego e as que non publicaron nada e facemos unha análise de regresión múltipla, resulta o seguinte:

Recodificamos a variable “escribir traballos científicos en galego”:

- Ningún=0
- Algún=1

Sexo:

- Mulleres=0
- Homes=1

A variable “Estudos do pai” deixámola igual que está a análise bivariada.

A “concepción de Galicia” deixámola igual que está a análise bivariada.

Na variable “que se considera fundamentalmente?” sacamos a opción “outros”.

Ámbito científico:

- Humanidades=1
- Outros=0

Probabas ómnibus sobre os coeficientes do modelo

		Chi-cadrado	gl	Sig.
Paso 1	Paso	76,004	6	,000
	Bloque	76,004	6	,000
	Modelo	76,004	6	,000

Variables na ecuación


		B	E.T.	Wald	gl	Sig.	Exp(B)
Paso 1(a)	SEXO	,938	,274	11,678	1	,001	2,555
	LUGAR DE NACIMIENTO	-,010	,278	,001	1	,970	,990
	ESTUDOS PAI	-,048	,108	,200	1	,655	,953
	CONCEPCIÓN GALICIA	,548	,142	14,918	1	,000	1,730
	ÁMBITO CIENTÍFICO	1,321	,362	13,329	1	,000	3,745
	CONSIDERACIÓN GALEGO	-,524	,161	10,562	1	,001	,592
	Constante	-1,595	,716	4,964	1	,026	,203

(a) Variable(s) introducida(s) no paso 1: SEXO, LUG. NACEM., ESTUD. PAI, CONCEP. GAL., AMBT. CIENT., CONSIDER. GAL.

Na análise de regresión loxística multivariable deixan de ser significativas as variables “lugar de nacemento” e “estudos do pai”. Asocian de xeito positivo o feito de ser home (2,55 por cada muller), pertencer ao ámbito científico das humanidades e concibir Galicia como país, como nación-Estado, e tamén asocian de xeito negativo o feito de se consideraren españois/as.

6.6.5.- RECOMENDACIÓN DE BIBLIOGRAFÍA EN GALEGO

	Frecuencia	Porcentaxe válida
Si	137	25,2
Non	375	68,9
NS/NC	32	5,9
Total	544	100,0



Soamente un 25,2% do profesorado recomenda bibliografía en galego. Existen diferenzas entre as distintas persoas, sendo máis probable que a recomende o profesorado maior de 33 anos, con nai labrega ou ama de casa, o que considera Galicia como un país ou nación-Estado e o que pertencen ao ámbito científico das humanidades.

PDI QUE RECOMENDA BIBLIOGRAFÍA EN GALEGO (SEGUNDO AS CONDICIÓN S SOCIAIS DE EXISTENCIA)

(Grao de significación:
.05)

<u>Condición s sociais de existencia</u>	Si	Non	NS/NC
Idade			
Menores de 33 anos	20,83	63,54	15,63
Entre 33 e 43 anos	26,47	69,75	3,78
Maiores de 43 anos	25,71	70,48	3,81
Ocupación da nai			
Empresaria con empregados/as		92,86	7,14
Autónoma	19,23	80,77	
Empregada con titulación	22,45	63,27	14,29
Empregada sen titulación	17,65	76,47	5,88
Labrega/gandeira	23,53	76,47	
Ama de casa	26,35	69,52	4,13
Concepción de Galicia			
Rexión	18,18	70,91	10,91
Autonomía	19,59	73,54	6,87
País	41,76	57,14	1,10
Nación-Estado	34,15	60,98	4,88
Ámbito científico			
Xurídico-social	23,33	66,11	10,56
Humanidades	54,55	41,82	3,64
Tecnoloxía	20,17	75,97	3,86
Ciencias experimentais e da saúde	23,68	73,68	2,63

6.6.6.- LECTURA DE LIBROS E/OU ARTIGOS EN GALEGO NO ÚLTIMO ANO

Segundo o sector


O PAS (22,40%) amosa as maiores porcentaxes na categoría de máis de 10 libros lidos no último ano, seguidos de preto polo PDI (21,92%). O alumnado queda a bastante distancia (14,91%).

Na categoría de 6 a 10 libros o alumnado amosa as maiores porcentaxes cun 12,12%, seguido do PAS cun 11,55% e do PDI cun 10,87%.

O alumnado tamén amosa as maiores porcentaxes con respecto ás persoas que leron de 1 a 5 libros, cun 43,29%, seguido do PAS cun 41,80% e do PDI co 33,70%.

E por último, o grupo que non leu ningún libro escrito en galego no último ano nunha maior porcentaxe foi o PDI co 31,70%. Séguelle o alumnado cun 25,54% e o PAS co 22,17%.

Cantos libros escritos en galego leu no último ano?		Sector		
		Alumnado	PDI	PAS
Ningún	<i>Reconto</i>	512	175	96
	% de sector	25,54	31,70	22,17
De 1 a 5	<i>Reconto</i>	868	186	181
	% de sector	43,29	33,70	41,80
De 6 a 10	<i>Reconto</i>	243	60	50
	% de sector	12,12	10,87	11,55
Mais de 10	<i>Reconto</i>	299	121	97
	% de sector	14,91	21,92	22,40
NS/NC	<i>Reconto</i>	83	10	9
	% de sector	4,14	1,81	2,08
Total	<i>Reconto</i>	2005	552	433
	% de sector	100,00	100,00	100,00



Segundo as condición sociais de existencia

O alumnado que non leu ningún libro escrito en galego no último ano é con maior probabilidade o conformado polos homes, as persoas que teñen de 24 a 29 anos, as que naceron fóra de Galicia, as que levan residindo pouco tempo en Galicia, as fillas de empresarios con empregados/as, as que conciben Galicia como rexión, as que se senten máis ben españolas, as do ámbito xurídico-social e as que cursan estudos do segundo ciclo.

ALUMNADO: NÚMERO DE LIBROS E/OU ARTIGOS ESCRITOS EN GALEGO QUE LERON NO ÚLTIMO ANO (SEGUNDO AS CONDICIÓN SOCIAIS DE EXISTENCIA)

(Grao de significación: .05)

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Ningún	De 1 a 5	De 6 a 10	Máis de 10	NS/NC
Sexo					
Muller	24,70	47,75	12,00	11,14	4,40
Home	26,71	37,12	12,29	20,09	3,78
Idade					
17 a 20 anos	24,15	43,96	12,99	12,99	5,91
21 a 23 anos	23,87	46,36	10,56	15,91	3,29
24 a 25 anos	32,19	39,04	13,36	13,36	2,05
26 a 29 anos	29,55	38,64	9,09	19,32	3,41
Maiores de 29 anos	17,39	28,26	26,09	23,91	4,35
Lugar de nacemento					
Cidade de Galicia	25,93	45,45	10,69	13,75	4,18
Vila de Galicia	22,25	43,54	12,92	17,46	3,83
Aldea de Galicia	15,88	41,16	16,25	19,49	7,22
Resto de España	42,86	35,37	12,93	7,48	1,36
Fóra de España	37,93	35,63	11,49	14,94	
Anos que leva residindo en Galicia					
Primeiro ano	54,17	41,67		4,17	
Entre 1 e 5 anos	56,76	24,32	10,81	8,11	
Entre 6 e 10 anos	40,91	40,91	11,36	6,82	
11 e máis anos	27,52	38,26	17,45	14,09	2,68
Ocupación do pai					
Empresario con empregados/as	30,03	44,88	7,92	15,51	1,65
Autónomo	25,97	41,99	10,82	15,15	6,06
Empregado con titulación	23,98	43,25	13,63	15,60	3,54
Empregado sen titulación	26,44	42,55	13,46	13,46	4,09
Labrego/gandeiro	10,53	42,11	13,16	21,05	13,16
Concepción de Galicia					
Rexión	40,17	39,75	10,46	7,11	2,51
Autonomía	26,27	46,04	11,22	12,24	4,24
País	17,58	37,36	13,74	25,82	5,49
Nación-Estado	13,30	39,48	17,17	26,18	3,86
Considérase fundamentalmente					
Só galego/a	16,44	41,78	16,00	22,67	3,11
Máis galego/a que español/a	19,01	44,63	14,38	16,86	5,12
Igual de galego/a que español/a	27,16	45,57	10,64	12,64	3,99
Máis español/a que galego/a	39,08	41,38	12,64	5,75	1,15
Só español/a	49,35	35,06	10,39	3,90	1,30
Outras	36,67	27,78	4,44	23,33	7,78
Ámbito científico					
Xurídico-social	31,79	44,16	11,39	9,99	2,67
Humanidades	12,50	44,20	21,43	16,52	5,36
Tecnoloxía	24,72	40,34	11,19	19,31	4,43

Ciencias experimentais e da saúde	22,18	49,42	8,95	13,23	6,23
CURSO					
1º ciclo	24,97	43,98	11,91	14,61	4,53
2º ciclo	27,34	41,49	12,62	15,68	2,87

Os membros do PDI que non leron no último ano libros escritos en galego son, con maior probabilidade, as mulleres, os que teñen menos de 43 anos, os que conciben Galicia como rexión ou autonomía, e os que se consideran só españois ou máis españois que galegos.

**PDI: NÚMERO DE LIBROS ESCRITOS EN GALEGO QUE LEU NO ÚLTIMO ANO
(SEGUNDO AS CONDICIÓN S CIAIS DE EXISTENCIA)**

(Grao de significación: .05)

<u>Condición s CIAIS de existencia</u>	Ningún	De 1 a 5	De 6 a 10	Máis de 10	NS/NC
Sexo					
Muller	34,62	40,66	7,69	14,84	2,20
Home	30,43	30,16	12,50	25,27	1,63
Idade					
Menores de 33 anos	35,71	41,84	5,10	15,31	2,04
Entre 33 e 43 anos	34,85	32,37	13,28	19,09	0,41
Maiores de 43 anos	26,29	31,46	10,80	28,17	3,29
Concepción de Galicia					
Rexión	37,04	31,48	7,41	14,81	9,26
Autonomía	41,69	35,25	9,49	12,54	1,02
País	18,28	32,26	11,83	37,63	
Nación-Estado	10,71	33,33	16,67	39,29	
Que se considera fundamentalmente?					
Só galego/a	19,44	22,22	16,67	41,67	
Máis galego/a que español/a	13,64	42,73	15,45	25,45	2,73
Igual de galego/a que español/a	37,06	35,31	7,69	18,88	1,05
Máis español/a que galego/a	35,29	35,29	17,65	5,88	5,88
Só español/a	60,87	17,39	8,70	8,70	4,35
Outros	31,88	26,09	14,49	26,09	1,45